



XUNTA  
DE GALICIA

**PREVENCIÓN  
E SAÚDE LABORAL  
ANTE O CORONAVIRUS**

**INDUSTRIA FORESTAL**

[issga.xunta.gal](http://issga.xunta.gal)



## COMEZO DA ACTIVIDADE

- ▶ O **servizo de prevención** de riscos laborais deberá identificar e valorar as **medidas** para o persoal **especialmente sensible**.
- ▶ **Non ir traballar con febre** ou síntomas da COVID-19 ou se houbo contacto próximo cunha persoa infectada.
- ▶ **Difundir as recomendacións** da autoridade sanitaria e do servizo de prevención ante o coronavirus, mediante **carteis**, nos accesos ao monte e nos vehículos.
- ▶ **Os desprazamentos faranse mellor de forma individual**. No transporte **colectivo** e obrigado o uso de **máscara**. Seguir sempre as indicacións das autoridades.



## DISTANCIA DE SEGURIDADE

- ▶ **Manter 1,5 metros de seguridade**.
- ▶ **Evitar actividades grupais** e coincidir en espazos ou zonas reducidas como vestiarios, comedores ou zonas de aseos.
- ▶ Se se **comparten vehículos** de traballo é obrigatorio o uso de máscara.
- ▶ **Efectuar un control adecuado do acceso do persoal ao monte**: organizar a chegada dos traballadores por quendas e gardando sempre a distancia de seguridade.



## MEDIDAS ORGANIZATIVAS

- ▶ **Difundir a todas as empresas** concorrentes e **persoal autónomo** as medidas preventivas adoptadas.
- ▶ **Limitar as tarefas** nas que pode haber maior probabilidade de contacto entre o persoal concorrente.
- ▶ Valorar a necesidade de **establecer quendas** para evitar contaxios entre o persoal.
- ▶ **Adaptar o posto** ou limitar as tarefas con maior probabilidade de contacto para o persoal máis vulnerable á infección.
- ▶ **Dar pautas de actuación** ante posibles situacións de **estrés laboral**.
- ▶ **Reforzar a prevención dos riscos** propios da actividade para evitar danos na situación actual.



## HIXIENE E LIMPEZA

- ▶ Reforzar a dispoñibilidade de **material de limpeza e hixiene**. Repartir bolsas para os refugallos na procesadora, no autocargador, etc. Manter estas bolsas pechadas e aumentar a frecuencia da súa recollida.
- ▶ **Facilitar o lavado frecuente das mans** ou o uso de solucións hidroalcohólicas **no monte** e nos vehículos. Lavalas logo de quitar as luvas de seguridade.
- ▶ **Cubrir as vías respiratorias** cun **pano desbotable** ou co antebrazo ao tusir ou esberrar e desbotalo de xeito adecuado. Se esberramos ou tusimos con máscara, cambiala despois e lavar as mans.
- ▶ **Evitar tocar** os ollos, o nariz e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión.
- ▶ **Limpar frecuentemente** espazos de uso común, equipos e utensilios de traballo (vehículos, equipos, ferramentas, teléfonos e maquinaria).
- ▶ **Usar luvas desbotables** para recoller materias e outros obxectos.
- ▶ O uso da **máscara é obrigado** aínda que se poida garantir a distancia de seguridade de 1,5 m. Non será obrigado mentres se desenvolvan tarefas en solitario ou cando, polo tipo de actividade, resulte incompatible conforme as indicacións sanitarias. O servizo de prevención debe asesorar sobre as condicións de uso da máscara.
- ▶ **Evitar compartir** comida, bebida, obxectos e ferramentas.



## INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA (ISSGA)

A Coruña **981 182 329** [issga.coruna@xunta.gal](mailto:issga.coruna@xunta.gal)  
Lugo **982 294 300** [issga.lugo@xunta.gal](mailto:issga.lugo@xunta.gal)  
Ourense **988 386 395** [issga.ourense@xunta.gal](mailto:issga.ourense@xunta.gal)

Pontevedra **886 218 101** [issga.pontevedra@xunta.gal](mailto:issga.pontevedra@xunta.gal)  
Santiago **881 999 332** [issga@xunta.gal](mailto:issga@xunta.gal)